

**ORDENANZA FISCAL Nº 1.5 REGULADORA DO
IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN
MECÁNICA**

FUNDAMENTO LEGAL

Artigo 1

En virtude do artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local, e dos artigos 15.2 e 59.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a presente Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2

1. O imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación, o que fora matriculado nos Rexistros públicos correspondentes e mentras non causara baixa nos mesmos. Ó efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrículas turísticas.

3. Non están suxeitos a este imposto os vehículos que sendo dados de baixa nos Rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certámenes ou carreras limitadas ás desta natureza

SUXEITOS PASIVOS

Artigo 3

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas e as xurídicas, as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades que, aínda carecendo de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, que conste o seu nome o vehículo no permiso de circulación.

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Artigo 4

1. ESTARÁN EXENTOS DO IMPOSTO:

a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadana.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira, acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidad na súa extensión e grao.

Asimesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.

d) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida, entendendo por tales os vehículos cunha tara non superior a 350 kg. , e que, pola súa construción non poidan alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 km/h., proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ó resto das súas características técnicas, equiparánse ós ciclomotores de 3 rodas.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade, como os destinados o seu transporte. Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con discapacidade cando esta última conste como único conductor/a na póliza do seguro do vehículo.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste epígrafe, terán a consideración de persoas con minusvalía quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ó 33%.

e) Os autobuses urbáns adscritos ó servizo de transporte público en réximen de concesión administrativa outorgada por este municipio.

f) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provista da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. BONIFICACIÓNS.

2.1. Aplicarase unha bonificación do 50% ás tarifas recollidas no artigo 5 durante o ano da súa primeira matriculación e os dous anos naturais posteriores á data da súa primeira matriculación, en turismos, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

- Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel, eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivo catalizador.

Disfrutarán dunha bonificación do 100% da cota do imposto os vehículos declarados como históricos, e dunha bonificación do 50% todos aqueles vehículos que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2.2. Establécese unha bonificación do 75% nas tarifas establecidas no art.5 da presente ordenanza, para aqueles vehículos clasificados no Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro (modificado por Orden PCI/810/2018 de 27 de xullo), como "Vehículo "0" emisións", incluídos como tales os seguintes:

- BEV: Vehículo eléctrico de baterías.
- REEV: Vehículo eléctrico de autonomía estendida.
- PHEV: Vehículo híbrido enchufable.
- HICEV: Vehículo de hidróxeno.

Establécese unha bonificación do 50% nas tarifas establecidas no art. 5 da presente ordenanza, para aqueles vehículos clasificados no Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro (modificado por Orden PCI/810/2018 de 27 de xullo), como "ECO", incluídos como tales os seguintes:

- HEV: Vehículo eléctrico híbrido non enchufable.
- GNC: Vehículo propulsado por gas natural comprimido.
- GNL: Vehículo propulsado por gas licuado do petróleo.

As citadas bonificacións poderán ser aplicables a partir do ano seguinte ao de matriculación, e terán unha duración máxima de 5 exercicios consecutivos, independentemente de que se proceda ou non á transferencia do vehículo, e agás nos casos de baixa definitiva.

Para a súa concesión será necesario que o suxeito pasivo solicite expresamente a concesión da bonificación, que surtirá efectos a partir do exercicio seguinte ao de solicitude, e co límite de 5 exercicios dende o seguinte á referida data de matriculación.

3. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS:

- 3.1.-** Para poder gozar das exencións a que se refiren as letras d) e f) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión, indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio.
- 3.2.-** Para o outorgamento da exención prevista ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo órgano competente, carné de conducir e copia da póliza do seguro do vehículo onde constará aquel como único conductor/a e xustificante de pago do seguro, e certificado de estar ó corrente do pago do imposto mediante a presentación dun certificado expedido pola Recadación Municipal de Tributos.
- 3.3.-** Para o caso de vehículos destinados ó transporte de persoas con discapacidade, aplicarase a exención cando o suxeito pasivo do imposto aporte certificado de minusvalía onde conste, a necesidade de asistencia por terceira persoa ou limitacións para a utilización do transporte público, ou cando a porcentaxe de minusvalía fose igual ou superior ó 80%. Na instancia farase constar quen é a persoa que o asiste, sendo éste o único que figurará na póliza do seguro como conductor/a do vehículo. En caso contrario, non será de aplicación a exención solicitada. Deberá achegarse tamén certificado de estar ó corrente do pago do imposto mediante a presentación dun certificado expedido pola Recadación Municipal de Tributos.
- 3.4.-** A bonificación prevista no punto 2 de este artigo terá carácter rogado. Os suxeitos pasivos deberán solicitala ó Concello antes do 31 de decembro de cada exercicio, adxuntando a seguinte documentación: fotocopia do DNI; fotocopia do permiso de circulación; fotocopia da ficha técnica; e, no seu caso, documento que xustifique a antigüidade do vehículo; por último, o petionario deberá xustificar estar ó corrente do pago do imposto mediante a presentación dun certificado expedido pola Recadación Municipal de Tributos.
- 3.5.-** As concesións das exencións e bonificacións só surtirán efecto para os exercicios seguintes ó da solicitude, aínda non devengados, cando dos datos obrantes nesta Administración se derive que está ó corrente das súas obrigas coa Facenda Municipal.

4. CERTIFICACIÓN:

Declarada a exención do vehículo polo Concello expedírase a correspondente certificación do acordo municipal.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 5

Coeficiente de incremento. En aplicación do Art. 95.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese no termo municipal o coeficiente do **1,54** excepto para os turismos de 20 cabalos fiscais en adiante, ós que se lle será de aplicación o coeficiente 2, e motocicletas de máis de 1000 cc., ós que lle será de aplicación o coeficiente 1,62.

TARIFA

POTENCIA Y CLASE DE VEHICULOS:

A) TURISMOS:

	€
De menos de 8 cabalos fiscais	19,45
De 8 hasta 11.99 cabalos fiscais	52,50
De 12 hasta 15,99 cabalos fiscais	110,80
De 16 hasta 19,99 cabalos fiscais	138,00
De 20 cabalos fiscais en adelante	224,00

B) AUTOBUSES:

	€
De menos de 21 prazas	128,30
De 21 a 50 prazas	182,70
De máis de 50 prazas	228,40

C) CAMIÓNS:

	€
De menos de 1.000 Kg. de carga útil	65,10
De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	128,30
De máis de 2.999 a 9.999 Kg. de carga útil	182,70
De máis de 9.999 Kg. de carga útil	228,40

D) TRACTORES:

	€
De menos de 16 cabalos fiscais	27,20
De 16 a 25 cabalos fiscais	42,75
De mas de 25 cabalos fiscais	128,30

E) REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHICULOS DE TRACCION MECANICA:

	€
De menos de 1.000 Kg. e máis de 750 Kg de carga útil	27,20
De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil De 16 a 25 cabalos fiscais	42,75
De máis de 2.999 Kg. de carga útil	128,30

F) OUTROS VEHICULOS:

	€
Ciclomotores	6,80
Motocicletas ata 125 cc	6,80
Motocicletas de máis de 125 a 250 cc	11,65
Motocicletas de máis de 250 ata 500 cc	23,35
Motocicletas de máis de 500 ata 1000 cc	46,65
Motocicletas de máis de 1000 cc	98,14

Este Cadro de Cotas, poderá ser modificado pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO

Artigo 6

A cota tributaria é a resultante de multiplica-la cota de tarifa do art. 95.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais polo coeficiente **1,54 ou 2 según proceda**

1. O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comenará o día no que se produza dita adquisición.

2. O imposto devengase o primeiro día do período impositivo.

3. O importe da cota do imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do vehículo. Neste último caso deberá solicitarse a devolución do importe dos trimestres que procedan, independentemente do mes no que se procedeu á súa baixa.

A solicitude de devolución deberá dirixirse ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa indicando o nº de conta (20 díxitos) para a devolución por transferencia bancaria. Coa solicitude acompañarase a seguinte documentación: fotocopia do DNI; fotocopia do impreso de baixa efectuada na Xefatura Provincial de Tráfico; orixinal do recibo ou carta de pago.

XESTION

Artigo 7

A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria, corresponde a este Concello, sempre que no permiso de circulación dos vehículos figure un domicilio deste municipio.

As altas do imposto de primeira matriculación esixiranse en réxime de autoliquidación.

Artigo 8

O pago do imposto acreditarase mediante recibo ós suxeitos pasivos incluídos nos padróns anuais, ou, no seu caso, polas cartas de pago expedidas pola Tesorería Municipal.

Artigo 9

1. Deberán acreditar previamente o pago do imposto os que soliciten ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación de aptitude para circular ou a baixa definitiva dun vehículo.

2. Á mesma obrigación estarán suxeitos os titulares dos vehículos cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico, a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia e de cambio do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

3. As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes de baixa ou transferencias de vehículos se non se acredita previamente o pago do imposto.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 10

Será aplicable o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e a desenvolven.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de outubro de 2018, comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Fechas anteriores modificacións:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004
PUBLICADO BOP (corrección de erros): 29/12/2004
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2012
PUBLICADO BOP: 30/12/2013
PUBLICADO BOP: 29/12/2015
PUBLICADO BOP: 28/12/2017

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP: 12/12/2018